




Área / Unidad SERVIZO DE XESTION TRIBUTARIA GT3000E RCG	Documento 36013I01OU	
Código de verificación  5S61 3D58 1W4I 6O0E 0ZAL	Expediente 360/2019/2483	
	DATA 30-10-2019	

## ASUNTO: EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

### Informe Proposta ao Pleno da Corporación

O presente expediente ten por obxecto a modificación da Ordenanza Fiscal nº 11, reguladora da taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación, para o exercicio 2020

De acordo co anterior a Alcaldía elaborou a Memoria que resume as principais modificacións así como un documento Anexo co texto modificado. Polo tanto, propóñense modificacións que non van supoñer un incremento de tarifa na Ordenanza nº11.

**Normativa de Aplicación.** A normativa de aplicación en relación co asunto de referencia é a seguinte:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL).
- Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria (LGT).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL).
- Lei 19/2013, do 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (Lei de Transparencia).
- Regulamento do Órgano para a Resolución das Reclamacións Económico Administrativas.

**Potestade regulamentaria.** De acordo co establecido no artigo 4.1c) e d) de LBRL corresponde aos Municipios, na súa calidade de Administracións Públicas Territoriais, e dentro da esfera das súas competencias, as Potestades Regulamentaria e Tributaria.

A Potestade Regulamentaria en materia tributaria, tal e como regula o artigo 106.2 da mesma norma, exerceuse a través de ordenanzas fiscais reguladoras de tributos propios e de ordenanzas xerais de xestión, recadación e inspección. No mesmo sentido pronúnciase o artigo 15.3 do TRLRHL.

Polo que se refire á modificación da Ordenanza Fiscal, obxecto deste expediente, o artigo 16.1 do TRLRHL establece que *os acordos de modificación das devanditas ordenanzas deberán conter a nova redacción das normas afectadas e as datas da súa aprobación e do comezo da súa aplicación.*

**Contía das taxas.** Polo que se refire á determinación da contía da taxa que é obxecto de modificación debe cumprir co previsto nos artigos 24 e 25 do TRLRHL. No caso de taxas pola prestación de servizos ou pola realización dunha actividade non poderán exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate ou, na súa falta, do valor da prestación recibida. As tarifas non sofren incremento, e polo tanto non se incorpora o informe técnico-económico.

**Procedemento.** En canto ao procedemento de aprobación é de aplicación o previsto nos artigos 15 a 19 do TRLRHL. Os acordos provisionais de imposición e ordenación adoptados pola corporación someteranse a exposición pública no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo de 30 días



hábiles, como mínimo. Igualmente publicaranse os anuncios de exposición no BOP e nun diario dos de maior difusión da provincia da Coruña. Durante este prazo, aqueles que teñan a condición de interesados poderán examinar o expediente e presentar cantas reclamacións estimen oportunas.

Finalizado o período de exposición pública o Concello adoptará o acordo que proceda, resolvendo as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza. Naqueles casos nos que non se presentaron reclamacións entenderase definitivamente adoptado o acordo ata entón provisional.

En todo caso, os acordos definitivos, incluíndo os provisionais elevados automaticamente a tal categoría, e o texto íntegro das ordenanzas ou das súas modificacións, haberán de ser publicados no boletín oficial da provincia de Coruña, sen que entren en vigor ata que leve a cabo dita publicación.

Doutra banda, de acordo co establecido no artigo 7 da Lei de Transparencia, as Administracións Públicas, no ámbito das súas competencias publicarán as memorias e informes que conformen os expedientes de elaboración dos textos normativos, igualmente no apartado d) do mesmo artigo publicaranse os documentos que, conforme á lexislación sectorial vixente, deban ser sometidos a un período de información pública durante a súa tramitación.

**Competencia.** En canto aos órganos competentes, corresponde á Xunta de Goberno Local, previo ditame do Tribunal Económico Administrativo Municipal (art. 137.1 b LBRL e 2 b do Regulamento do TEAM), a aprobación dos proxectos de ordenanzas fiscais (art. 127.1. a) da LRBRL e art. 4.1 da OGG). Finalmente, corresponde ao Pleno da Corporación a aprobación das ordenanzas fiscais (art. 123.1.d LBRL) co quórum esixido en art. 123.2 da LBRL.

O Tribunal Económico Administrativo emitiu ditame favorable en cumprimento do establecido no art. 137.1 b da LBRL, facendo unha observación respecto do texto achegado en castelán ao advertir que no artigo 2.2 do texto en castelán da ordenanza nº 11 reguladora da taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación faltaba a conxunción o, observación que se asume no informe da xefa de servizo de data 29.10.2019.

A Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto de modificación de Ordenanzas, segundo certificado que consta no expediente

EN CONSECUENCIA, PROPONSE AO EXCMO CONCELLO PLENO QUE, PREVIA DELIBERACIÓN E EXAME DO EXPEDIENTE, PROCEDA Á ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

VISTA a necesidade de proceder á modificación da Ordenanza Fiscal ordenanza nº 11 reguladora da taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación.

CONSIDERANDO que o procedemento de aprobación de modificación das Ordenanzas axustarase ao previsto polo artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local en concordancia cos artigos 15 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativos á imposición, supresión e ordenación de tributos polas Corporacións Locais.

VISTO que o Tribunal Económico Administrativo Municipal emitiu ditame sobre o proxecto de ordenanza, en cumprimento do previsto no artigo 137.1 b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local.

Por medio da presente, PROPONSE



**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de modificación da Ordenanza Fiscal nº 11 reguladora da taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación para o exercicio 2020, (artigo 2.2) cuxo texto modificado figura como Anexo na parte titulada como Modificación para ano 2020 do presente acordo

**Segundo.-** As modificacións aprobadas entrarán en vigor o día 1 de xaneiro de 2020. Na Disposición Final da Ordenanza consígnase a data da súa aprobación e a do inicio da súa vixencia.

**Terceiro.-** Someter a información pública os acordos precedentes, no Taboleiro de Anuncios do Concello e a través de anuncio insiro no Boletín Oficial da Provincia, así como nun dos diarios de gran difusión da provincia, co fin de que os interesados poidan, durante un prazo de trinta días a partir do día seguinte ao da publicación realizar as alegacións e suxerencias que consideren oportunas, deixando constancia expresa de que se durante o citado trámite non se presentase ningunha, o acordo de aprobación inicial da modificación se elevará a definitivo de forma automática.

CUARTO. Facultar a Alcaldesa – Presidenta, tan amplamente como en dereito sexa posible, para garantir a plena efectividade do presente acordo

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento

A Coruña, na data de sinatura electrónica do documento  
A xefa de servizo de Xestión Tributaria

Conforme  
O DIRECTOR DE ECONOMÍA, FACENDA E  
REXIME INTERIOR

M<sup>a</sup> Rosario Carballo Gómez

Manuel Angel Jove Losada

Vº e Prace  
O CONCELLEIRO DE ECONOMÍA, FACENDA  
E REXIME INTERIOR

Jose Manuel Lage Tuñas



## ANEXO: ORDENANZA FISCAL Nº 11 REGULADORA DA TAXA POR OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN

### TEXTO ORDENANZA FISCAL ANO 2019 ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por outorgamento de licenza de primeira ocupación de edificios, a que se refire o artigo 20.4 h) do propio Real Decreto Legislativo, cuxas normas atenden ao previsto no art. 57 do citado Real Decreto Legislativo.

### ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.

1. Está determinado pola actividade municipal desenvolvida para a prestación de licenza de primeira ocupación dos edificios de nova construción, cambio de uso do construído, a súa reconstrución ou reforma.
2. O carácter obrigatorio desta licenza derivase do establecido na Lei 4/2003 de 29 de xuño de Vivenda de Galicia.
3. Devindícase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se solicite a prestación do servizo ou cando, aínda sen previa solicitude motivese a actuación da administración municipal con esta finalidade.

### ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.

1. Son obrigados tributarios contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei xeral tributaria que soliciten a prestación do servizo e os propietarios das vivendas que, aínda sen solicitude previa, motiven a actuación administrativa que constitúe o feito imponible.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, liquidadores e interventores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o art. 43 da Lei xeral tributaria.

### ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais máis cós establecidos en normas con rango de lei e os que se deriven da

### PROPOSTA MODIFICACIÓN ANO 2020 ARTIGO 1. NATUREZA E FUNDAMENTO.

### ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE E OBRIGACIÓN DE CONTRIBUÍR.

1. Está determinado pola actividade municipal desenvolvida para a prestación de licenza de primeira ocupación dos edificios de nova construción, cambio de uso do construído, a súa reconstrución ou reforma.
2. O carácter obrigatorio desta licenza derivase do establecido na **Lei 8/2012 de 29 de xuño de Vivenda de Galicia ou lexislación que á substitúa.**
3. Devindícase a taxa e nace a obrigación de contribuír cando se solicite a prestación do servizo ou cando, aínda sen previa solicitude motivese a actuación da administración municipal con esta finalidade.

### ARTIGO 3. OBRIGADO TRIBUTARIO.

### ARTIGO 4. BENEFICIOS FISCAIS.



aplicación de tratados internacionais.

## ARTIGO 5. BASE DE GRAVAME.

Tomarase como base de gravame o valor da vivenda, local, edificación ou leira rexistrable obxecto da actuación dirixida ao outorgamento da licenza. Devandito valor determinarase mediante a suma do valor da construción e o de repercusión do chan.

O valor da construción, nos proxectos de obra, virá dado polo orzamento de execución material da mesma.

O valor do chan debe acharse por repercusión do valor catastral correspondente ao tramo, rúa ou polígono segundo o último Relatorio de Valores aprobada, actualizada coas porcentaxes que establezan as sucesivas Leis de Orzamentos Xerais do Estado. No caso de que non estiveren fixados estes valores, tomarase o cincuenta por cento do Módulo Básico de Repercusión aplicable ao chan urbano no termo municipal da Coruña.

A fórmula para determinar, neste suposto, a base de gravame, será a seguinte:

$$V_p = P (VR \times Sp)$$

onde:

V<sub>p</sub> = Valor do predio urbano.

P = Orzamento de execución.

VR = Valor de repercusión do chan. Utilizarase o correspondente ao tramo e, supletoriamente, en caso de non coñecerse, o correspondente á rúa, ao polígono ou o 50% do Módulo Básico de Repercusión aplicable ao chan urbano.

Sp = Superficie construída expresada en metros cadrados.

## ARTIGO 6. TARIFAS.

1. Vivendas, locais, edificacións e outros predios rexistrables. O tipo que hai que aplicar determinarase de acordo coa seguinte escala:

	TIPO
1.1 Ata 60.101,21 euros de base imponible	0,40%
1.2 De 60.101,22 a 90.151,82 euros de base	0,50%
1.3 De 90.151,83 a 120.202,42 euros de base	0,60%
1.4 De 120.202,43 a 150.253,03 euros de base	0,70%
1.5 Máis de 150.253,03 euros de base	0,80%
1.6 Tarifa mínima por vivenda. Con carácter mínimo, e sempre que da aplicación da escala resulte unha cantidade inferior, percibiranse	45,97
1.7 Tarifa máxima por vivenda. Como cota máxima que pode resultar da aplicación desta tarifa, percibiranse	947,80

## ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Os propietarios dos edificios de nova construción, dos que sufrisen reformas e os que vaian modificar o uso das construcións, unha vez concluídas as obras deberán dar conta diso presentando a licenza urbanística en virtude da cal se autorizaron tales obras, se a súa obtención era preceptiva. Cumprido este trámite, ou simultaneamente con el, procederán a solicitar a licenza de primeira ocupación. Se non

## ARTIGO 5. BASE DE GRAVAME.

## ARTIGO 6. TARIFAS.

## ARTIGO 7. NORMAS DE XESTIÓN.



se solicitase, o Concello, unha vez que teña coñecemento do remate das obras ou cambios de uso de locais, requirirá o suxeito pasivo para que a solicite, sen prexuízo de impoñer as sancións ou de adoptar as medidas que sexan procedentes.

Os servizos técnicos do Concello practicarán os recoñecementos oportunos, comprobando que a actuación se axustou á licenza concedida para a súa execución e que as vivendas contan cos servizos necesarios para a súa primeira utilización conforme ao destino determinado naquela licenza.

2. Esixírase o depósito previo da taxa como requisito indispensable sen o cal non se procederá á tramitación da solicitude. Cando así se determine, os suxeitos pasivos realizarán as operacións de liquidación da taxa.

Simultaneamente coa concesión da licenza, aprobarase a liquidación executada, se procede, efectuando as liquidacións complementarias que sexan necesarias ou reintegrándolle ao suxeito pasivo as cantidades que resulten ao seu favor, seguindo o procedemento establecido para as devolucións de ingresos.

#### **ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.**

En todo o relativo á cualificación das infraccións e á súa sanción, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza, que consta de oito artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o 23 de decembro do 2013, comezará a rexer o día 1 de xaneiro do 2014 e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación.

#### **ARTIGO 8. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S TRIBUTARIAS.**

#### **DISPOSICIÓN FINAL.**

A presente ordenanza, que consta de oito artigos, foi aprobada polo Pleno na sesión realizada o xxxxx, comezará a rexer o día xxxxx e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación